



Deputación
DA CORUÑA



outonocultural.dacoruna.gal

DAC Outono Cultural



MANUEL MARÍA



CASTELAO



IRMANDADES DA FALA

Xogo do Outono Cultural



Deputación
DA CORUÑA

XOGO DO OUTONO CULTURAL

Normas do xogo

■ **Norma 1** Cando caes en calquera das casañas coas iconas (Manuel María, Castelao, Irmandades da Fala) saltas directamente á casaña máis próxima que conteña icona, e tes dereito a tirar de novo.

■ **Norma 2** Se caes na caveira, voltas ao comezo.

■ **Norma 3** O xogo non remata ata que entras na meta con número xusto. Se non á sí, tes que retroceder e avanzar as casas que che indique o dado, contando tamén coa casa 50 da meta.

1- Verso a verso, letra a letra o país enteiro lembra o poeta.

2- As Irmandades da Fala procuraron novos apoios ás súas reivindicacións entre "os americanos": sabes que eran estes americanos aos que Luís Porteiro Garea se dirixe neste folleto?

3- Ademais de nos teatros, en que outros espazos públicos de 18 vilas coruñesas se desenvolverán os espectáculos do DAC Outono Cultural?

4- A Irmandade de Amigos da Fala da Coruña, publicou o seu regulamento en 1918 nesta edición saída da imprenta La Papelera Gallega... Sabes se é a primeira das Irmandades da Fala que se constituíu?

5- Sabes quen é o ilustrador, viñetista e deseñador gráfico galego mol popular por 'O Bichero', que forma parte do elenco de artistas colaboradores co DAC Outono Cultural 2016?

6- Emoción, fala, lapis, papel... e Galicia feita cartel.

7- Recoñeces a este escritor, político, pintor, médico, debuxante e un dos pais do nacionalismo galego, e sabes en que ano e en que vila naceu?

8- "Galicia somos nós: / a xente a mais a fala / se buscas a Galicia / en ti tes que atopala"... que é o autor destes versos e en que poemario están incluídos?

9- Onde se conservan algúns dos documentos fundamentais na defensa da lingua galega, relacionados coas Irmandades da Fala?

10- 'Retrincos' de Castelao é outra das pezas a representar dentro da programación DAC 2016... coñeces os dous cómicos galegos que a protagonizan?

11- De escenario en escenario celebrando o centenario.

12- En que ano Manuel María edita este o seu primeiro poemario?

13- Quen foi o primeiro director do xornal A Nosa Terra, esencial na difusión das ideas das Irmandades da Fala?

14- Falan galego, trátanse de irmáns e irmás, unha estrela riscada é o seu contrasinal, traen a fouce por emblema, e deséxannos Saúde e Terra... Quen son estes homes e mulleres?

15- A que persoeiro esencial no desenvolvemento das Irmandades corresponde este retrato?

16- Verso a verso, letra a letra o país enteiro lembra o poeta.

17- Cal é a administración provincial implicada no deseño e organización do DAC Outono Cultural?

18- O 21 de marzo de 1916 saíu do prelo a edición de Nacionalismo galego. Nuestra 'afirmación regional'. Antón Villar Ponte defendía neste folleto o uso do galego en todos os contextos e indicaba que urxía fomentar o desenvolvemento da "Liga de Amigos del Idioma"... Por que estará escrito en castelán?

19- Quen é este pallaso en activo e director que tamén figura no elenco de artistas desta programación cultural DAC 2016?

20- A Irmandade da Fala da Coruña puxo en marcha o Conservatorio Nazonal de Arte Galego, co fin de impulsar o teatro, considerado polos fundadores, o medio máis efectivo para difundir o novo ideario nacionalista e darlle prestixio á lingua... De que anos estamos a falar?

21- Emoción, fala, lapis, papel... e Galicia feita cartel.

22- En que ano e en que cidade foi editado o Vocabulario Castellano Gallego?

23- 'Os Quinquilláns' serán os encargados de arrincar a Gala da Irmandade... con maxia, canto ou teatro?

24- A fundación das Irmandades da Fala foi fundamental na dignificación da nosa lingua e na modernización da nosa cultura... En que ano se produciu?

25- Este e outros debuxos de Castelao publicanse no xornal vigués-Galicia... Sabes exactamente entre que anos?

26- De escenario en escenario celebrando o centenario.

27- A que serie de óleos asinados por Castelao pertence esta pintura?

28- Que escritor e xornalista nado en Ferrol e residente en Madrid, membro dun colectivo de intelectuais galeguistas, fixo un chamamento en 1916 para defender a lingua galega que está na orixe das Irmandades?

29- Como remata a lenda que acompaña a este debuxo de Castelao? 'Por moito que tape os ollos, ...'

30- 'Sede de mal' é outra das exitosas obras que se visionarán nesta programación cultural: que dous artistas galegos están detrás desta compañía denominada 'Boneca Lareta'?

31- Verso a verso, letra a letra o país enteiro lembra o poeta.

32- En que cidade e en que ano se publica esta obra esencial para o nacionalismo galego escrita por Castelao?

33- Mónica de Nut é unha das artistas que participan nos espectáculos programados... lembrás en que faceta da arte salienta especialmente?

34- No ano 1931 durante a VII Asemblea das Irmandades de Pontevedra acórdase a creación dun partido político que aglutínase ao galeguismo... sabes de que partido se trata?

35- O Ano Castelao 2016 conmemora tres efemérides relacionadas co polifacético autor, artista e intelectual: o centenario da súa chegada á cidade de Pontevedra, o 75 aniversario da estrea de Os vellos non deben de namorarse, e o Día das Artes Galegas, que este ano se dedica a este autor... Sabes cal é o seu nome completo e apelidos?

36- Enumera alomemos a metade das 18 vilas nas que se desenvolverá a programación do DAC Outono Cultural 2016?

37- A que xénero corresponde esta obra literaria de Castelao?

38- A que poeta combativo e comprometido politicamente está dedicado este ano o Día das Letras Galega 2016?

39- Emoción, fala, lapis, papel... e Galicia feita cartel.

40- Nesta foto na alameda de Santiago Manuel María aparece con Xerardo Moscoso, Vicente Araguas, Xavier e Benedicto: 'Voces Ceibes' dentro da Nova Canción Galega... en que época histórica naceu este colectivo e cales eran as súas premisas?

41- Ten algo que ver este debuxo de Castelao coa súa propia biografía, o seu compromiso político-social e a súa profesión?

42- Cando se fundou este xornal e quen estaba detrás do seu nacemento?

43- De escenario en escenario celebrando o centenario.

44- A Gala da Irmandade é un dos pratos fortes do DAC 2016 e inclúe música, teatro, danza, plástica, maxia... sabes que famoso mago galego participa nesta programación?

45- Esta escolma de versos pertence a un poema moi coñecido de Manuel María, sabes cal é o seu título?

46- Identificas a este afamado actor, contacontos, autor e director que tamén participa no DAC Outono Cultural?

47- Volta ao comezo.

48- Caxade é un recoñecido creador e intérprete galego que poderás gozar na programación do DAC... con que tipo de música o relacionas?

49- O Conto da Barriga Verde é un dos espectáculos incluídos no DAC Outono Cultural 2016; está baseado en 3 obras de Manuel María, sabes cales son?

50- META

DAC Outono Cultural

MANUEL MARÍA CASTELAO IRMANDADES DA FALA

